

REGULAMENTO do CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL de OURENSE

Artigo I

Constitución

O Consello Escolar Municipal de Ourense constitúese como órgano superior de consulta, de participación cidadán nos asuntos referidos ás competencias municipais en materia de Educación e de asesoramento dos proxectos da lei ou dos regulamentos que haxan de ser propostos pola Xunta de Galicia.

Exercerá funcións informativas e no seu caso de proposta relativas ás mencionadas competencias.

Artigo II

Composición

Ó abeiro do disposto no artigo 16, apartado b) da Lei 3/86, do 18 de Decembro, e do artigo 31 do Decreto 44/88 sobre Consellos Escolares de Galicia, o Consello Escolar Municipal de Ourense, estará composto polos seguintes membros:

a) Presidente: O Alcalde ou membro da Corporación en quen delegue.

b) Vicepresidente: Elexido polo Pleno do Consello entre os seus membros de dereito.

c) Secretario: Un técnico ó servizo da Corporación Municipal, sendo o seu cometido extender as actas das reunións co visto e prace do Presidente, para o que asistirá as mesmas con voz e sen voto.

d) Vocais:

d1- Dez Profesores/as, seis do ensino público e catro do ensino privado: propostos por sindicatos ou asociacións profesionais, de ensinantes, proporcionalmente á representación obtida nas eleccións sindicais no sector docente no Municipio.

d2- Seis pais/ nais de alumnos/as, propostos polas Federacións de pais de alumnos existentes no Municipio, en función da súa representatividade.

d3- Catro alumnos/as, elexidos polos representantes dos alumnos/as en Consellos Escolares dos Centros existentes do Municipio.

d4- Dez membros elexidos pola Corporación Municipal,

.1 Representante do Movemento de Renovación Pedagóxica .

.1 Director de Centro Público de Primaria.

.1 Director de Centro Público de Secundaria.

.1 Titular de Centro privado/concertado.

- .3 Representantes de Sindicatos.
 - .1 Especialista en temas educativos.
 - .1 Representante da Federación de AA.VV. máis representativa en Ourense
 - .1 Representante elexido polo Consello Municipal da Muller
- d5- Un representante da administración educativa: estará representado no Consello polo funcionario que designe o Delegado Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo III

Funcións do Consello Escolar Municipal

O carácter de organismo participativo na planificación e intervención educativa non universitaria, realízase por medio das funcións que lle son propias ó Consello Escolar Municipal de Ourense: asesoramento, consulta, propostas e información nas cuestións seguintes, como marca o artigo 27 do Decreto 44/1988:

- a) Convenios e acordos de colaboración coa Consellería de Educación ou calquera outra Administración Pública, que afecten ó ensino dentro do ámbito municipal.
- b) Actuacións e normas municipais que afecten ós servizos educativos complementarios e extraescolares con incidencia no funcionamento dos centros docentes tales como transporte escolar, comedores, servizos de limpeza e conservación.
- c) Actuacións e normas municipais que afecten ou favorezan á ocupación real das prazas escolares coa finalidade de melloralo rendemento educativo e, no seu caso, facer efectivo a obrigatoriedade do ensino.
- d) Emprazamento dos centros dentro da demarcación municipal.
- e) Prioridade nos programas e actuacións municipais que afecten ou favorezan á conservación, vixianza e mantemento axeitado dos centros docentes, de acordo coas competencias que a lexislación otorgue ós Concellos en cada momento, e especial atención á suspensión de barreiras arquitectónicas.
- f) Fomento de actividades que tendan a melloralo calidade educativa, especialmente no que respecta á adaptación da programación ó medio, á renovación pedagóxica e á integración escolar .

- g) Competencias educativas que afecten ó ensino non universitario e que a lexislación outorgue ós municipios.
- h) Na programación de investimentos en materia educativa.
- i) Calquera outro asunto que pola súa importancia para a vida escolar do Concello lle sexa consultado.

Artigo IV

Finalidade do Consello Escolar Municipal

As finalidades do C.E.M. serán ás de estudo, asesoramento e emisión de propostas á Administración Local e Educativa sobre tódolos aspectos de ensino non universitario que incidan na nosa poboación, buscando a máxima participación de tódolos cidadáns, entidades e organismos interesados no eido educativo. O C.E.M. é polo tanto un órgano de consulta e participación dos sectores afectados na planificación dos Centros Escolares no ámbito municipal.

Artigo V

Funcións do Presidente

O presidente terá as seguintes funcións:

- a) Representación oficial do Consello Escolar
- b) Convocar, presidir as sesións e moderar os debates do Pleno e da Comisión permanente.
- c) Autorizar coa súa sinatura os acordos do pleno.

Artigo VI

Funcións do Vicepresidente

Asume as atribucións do Presidente en caso de ausencia.

Artigo VII

Funcións do Secretario

- a) Cita as sesións do pleno do Consello Escolar Municipal que convocará o Presidente, cando menos con sete días de antelación, segundo a orde do día que prepare a Comisión Permanente do Consello.
- b) Redacta as actas das sesións que serán ratificadas na seguinte sesión .
- c) Calquera outra tarefa relativa a funcións xenéricas da Secretaría, que lle encomende o Consello.

Artigo VIII

Organización I Funcionamento

O Consello Escolar Municipal de Ourense, estruturarase en Pleno, Comisión Permanente e Comisións de traballo.

Artigo IX

O Pleno

1. Composición e Constitución

O Pleno do C.E.M. estará constituído por tódolos membros do mesmo, para a súa constitución inicial será necesario que asistan polo menos os 2/3 dos membros que o compoñen, de non acadarse o quorum establecido procederase a unha nova convocatoria no prazo de sete días, rexéndose para a súa constitución polo establecido neste artigo, apartado 3 deste regulamento.

2. Convocatorias de sesión do Pleno

A convocatoria farase cunha antelación de 72 horas acompañada da orde do día na que se fixarán os puntos a tratar .

3. Organización

1. Reunirse con carácter ordinario, tres veces ó ano ESCOLAR e, con carácter extraordinario, cando o Presidente o estime oportuno ou o solicite a terceira parte dos seus membros.

2. As Comisións constituiranse cando o Pleno o considere necesario, fixándose na mesma sesión a finalidade que deba cumprir, os seus membros ea súa duración .

3. As sesións do pleno celebraranse en 1ª convocatoria sempre que concorre a maioría absoluta dos membros de dereito, e en segunda convocatoria, media hora despois de anunciada, se asisten, alomenos o Presidente, Vicepresidente o Secretario e un tercio dos vocais.

Os acordos adoptaranse por maioría dos asistentes, podendo formularse votos particulares.

Calquera membro do pleno ten dereito a examinar e recibir se así o solicitara, copia das actas e da documentación das comisións de traballo do pleno e da comisión permanente.

Competencias do Pleno

a) Debatir e aproba-los informes e dictames referidos ós puntos explicitados no artigo IV deste regulamento.

b) Elexir ó Vicepresidente do Consello Escolar Municipal, a proposta do Presidente .

c) Elexir ÓS membros da Comisión Permanente.

d) Ratificar ós Presidentes de cada unha das Comisións de traballo.

e) Aproba-la creación das Comisións de Traballo.

f) Aproba-la memoria anual de actuación.

g) Aproba-lo informe anual sobre a situación do ensino non Universitario no

Municipio.

Artigo X

Comisión Permanente do Consello Escolar

1. Organización

Será elexida polo Pleno e asegurará a representación de tódolos sectores.

Estará formada polo: Presidente, Vicepresidente, Secretario, os Presidentes de cada unha das Comisións de Traballo, un ensinante, un pai de alumnos/as e un alumno/a. Xuntaránse, cando sexa estipulado polo Pleno e cando o considere pertinente o Presidente ou dous tercios dos seus membros.

2. Funcións

a) Prepara-la orde do día e convocatorias do pleno do Consello Escolar Municipal.

b) Prepara-los temas, os informes, as propostas e os dicta mes para seren debatidos polo Pleno.

c) Xestiona-los asuntos e acordos que lle encomende o Pleno.

d) Facer propostas de traballo ás diferentes Comisións.

e) Coordina-Io traballo das Comisións de traballo.

f) Elabora-la memoria anual das actuacións do Consello Escolar Municipal de Ourense.

g) Elabora-lo informe anual sobre a situación do ensino non universitario no Municipio.

h) Asegurar que a información das decisións do Pleno cheguen por escrito ás escolas.